

## CERTIFICACIÓN

Irene Suárez López, agás erro ou omisión involuntaria,

### CERTIFICO:

Que o día 21-08-2017 ditouse a Resolución de Alcaldía/Presidencia 367/2017 cuxo contido deseguido transcribo:

### “RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** CONVOCATORIA MESA DE CONTRATACIÓN OBRA MELLORA RÚA SAN MARCOS E ENTORNO

**EXPEDIENTE:** 2017/G003/000194

### ANTECEDENTES:

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 317/2017, do 17 de xullo, procedeuse á convocatoria para a contratación das obras de Mellora do saneamento e pavimentación da rúa San Marcos e entorno, publicándose anuncio de licitación no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 137, do xoves 20 de xullo, así como no Perfil do contratante do órgano de contratación.

Rematado o prazo de presentación de propostas, e segundo certificado que obra no expediente, constan as seguintes ofertas:

Excavaciones POSE S.L.	N.R.E. 1171 do 9 de agosto
Construcciones Cernadas S.L.	N.R.E. 1208 do 14 de agosto
Excavaciones y Obras Melchor S.L EXCOMEL	N.R.E. 1229 do 14 de agosto
Movimientos de áridos y construcciones de Arosa S.L. MARCONSA	N.R.E. 1226 do 14 de agosto
Búa Construcciones y Servicios S.L.	N.R.E. 1252 do 16 de agosto
Construcciones D. Ogando S.L.	N.R.E. 1248 do 16 de agosto
Construcciones Alejandro Martínez e Hijos S.L.	N.R.E. 1265 do 17 de agosto
Mecano Obras y Reformas S.L.	N.R.E. 1278 do 18 de agosto.

Á vista do anterior e de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ao abeiro do disposto no prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear aos seguintes membros que formarán parte da Mesa de Contratación:

**PRESIDENTE:** Manuel Insua Insua, Alcalde da Corporación

**VOGAIS:**

- Manuela Fernández Louro, concelleira da Corporación.
- José Antonio Louro Pais, concelleiro da Corporación.
- Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do concello.
- Antonio Martínez Domínguez, arquitecto da Oficina de rehabilitación.

**SECRETARIA DA MESA:** Angélica Ayala Oca, auxiliar administrativo do concello de Corcubión.

**SEGUNDO.-** Convocar á Mesa de Contratación para a apertura da Documentación Administrativa, SOBRE A, en sesión non pública para o día **28 de agosto, ás 11:00 horas**. Se a Mesa acorda admitir ás empresas presentadas e non procede emitir requirimento aos efectos de emenda de documentos, procederase acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do SOBRE B, Referencias Técnicas. Criterios non avaliados de forma automática, conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da presente resolución aos membros designados na Mesa de Contratación, así como facela pública no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión ([www.corcubion.gal](http://www.corcubion.gal)), e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

En Corcubión, luns 21 de agosto de 2017

O Alcalde/Presidente

A Secretaria

Manuel Insua Insua

Irene Suárez López

”

---

Para que conste, asino a presente certificación co visto e praxe do Alcalde/Presidente.

En Corcubión, luns 21 de agosto de 2017

A Secretaria

O Alcalde/Presidente

Irene Suárez López

Manuel Insua Insua